

Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional sobre a autorización excepcional de horarios polas Xefaturas Territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Universidades

O desenvolvemento do curso 2020/21 supón un importante reto ante a necesidade de cumprir cos obxectivos educativos e facelo aplicando as medidas establecidas polas autoridades sanitarias de prevención e control durante a pandemia (Covid-19).

En diferentes instrumentos normativos, tanto no ámbito sanitario como no educativo, recóllense as medidas preventivas e organizativas, co obxectivo de garantir que os centros sexan espazos seguros para o alumnado e, en xeral, para a comunidade educativa, relativas, entre outras, á distancia de seguridade e consecuentemente á configuración de grupos de alumnos.

Recibidas nas distintas Xefaturas Territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Universidades solicitudes dos centros educativos sostidos con fondos públicos de adecuación do horario ou da xornada lectiva á situación propia do centro para establecer ou preservar as medidas establecidas nos referidos instrumentos normativos, esta Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional resolve:

- 1.- Que, de conformidade co que se establece na disposición adicional primeira da Orde do Orde do 25 de xuño de 2020, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020-2021 nos centros docentes sostidos con fondos públicos, corresponde á xefatura a territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade resolver sobre as solicitudes presentadas polos directores de os centros, debidamente motivadas, que non poden supoñer unha redución da xornada lectiva establecida na normativa vixente, nin condicionar os servizos de educativos de comedor e transporte escolar. As solicitudes deberán contar coa aprobación do consello escolar do centro e informe da inspección educativa.
- 2.- A autorización da Xefatura Territorial terá carácter excepcional e duración limitada ao período ao que obrigue a situación de risco motivada pola pandemia ocasionada pola *Covid-19*, de conformidade co que determinen as autoridades sanitarias

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2020.

José Luis Mira Lema

O Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional

